



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES MARQUÉS DE SARGADELOS
CURSO: 1º ESO 2º ESO 3º ESO 4º ESO 1º BAC 2º BAC
MATERIA: RELIXIÓN
DEPARTAMENTO: RELIXIÓN
DATA: 12 DE MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1º ESO

Competencias Imprescindibles	Estándar de aprendizaxe
CCL/CSIEE	Relaciona e distingue, explicando coas súas palabras, a orixe da creación nos relatos míticos da antigüidade e o relato bíblico.
CSC/CSIEE/CCEC	Mostra interese pola historia de Israel e dialoga con respecto sobre os beneficios desta historia para a humanidade.
CCL/CAA	Busca relatos bíblicos e selecciona xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina.
CCL/CSIEE	Recoñece a partir da lectura dos textos evanxélicos os trazos da persoa de Xesús e deseña o seu perfil.
CCL/CCEC	Ordena e explica coas súas palabras os pasos do proceso formativo dos evanxeos.

2º ESO

Competencias Imprescindibles	Estándar de aprendizaxe
CCL/CNCCT/CAA	Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación e os cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.
CCL/CSC/CSIEE	Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados mostrando interese pola súa orixe divina.
SIEE/CEC	Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolicidade da Igrexa.

3º ESO

Competencias Imprescindibles	Estándar de aprendizaxe
CCD/CSIEE/CCSC	Selecciona escenas de películas ou documentais que amosan a busca de sentido.
CCL/CAA/CEC	Demostra mediante exemplos previamente seleccionados que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia.
CCL/CSC/CEC	Defende de forma razoada a influencia da fe no arte, no pensamento, os costumes, a saúde, a educación, etc.

4º ESO

Competencias Imprescindibles	Estándar de aprendizaxe
CCL/CAA/CSIEE/CCEC	Identifica e clasifica os trazos principais (ensino, comportamento e culto) nas relixións monoteístas.
CCL/CSC	Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen.
CCL/CSC/CEC	Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.

1º BAC

Competencias Imprescindibles	Estándar de aprendizaxe
CCL/CAA/CCEC	Identifica e diferencia a diversidade de respostas salvíficas que amosan as relixións.
CCL/CCD/CSC	Elabora una definición persoal sobre los termos: legal, ético e moral. Explica publicamente as diferenzas entre os termos coa axuda dos medios audiovisuais.
CCL/CCD/CCSC/CCEC	Identifica os elementos propios de diversas culturas e elabora un material audiovisual onde as compare criticamente.

2º BAC

Competencias Imprescindibles	Estándar de aprendizaxe
CCL/CD/CAA/CSC	Posúe argumentos para defender ou dar razóns dende a posición cristiá ante situacións reais ou supostas que se propoñen na clase.
CCL/CAA/CSC/CCEC	Propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais ou internacionais para facer o mundo máis humano.
CCL/CCD/CCSC/CCEC	Selecciona obras de arte, investiga sobre o autor e descobre o seu sentido relixioso. Confecciona un material creativo que permita coñecer eses artistas.

LEENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

2. Avaliación e cualificación

A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

Avaliación	<p>Procedementos e Instrumentos:</p> <p>Participación e interacción co profesorado (consulta de dúbidas, aclaracións das actividades). Realización das tarefas solicitadas en tempo e forma.</p> <p>Probas escritas de contidos conceptuais e procedimentais, (dende a declaración do estado de alarma a través da plataforma Edixgal ou Aula Virtual), formados por:</p> <ul style="list-style-type: none"> •Cuestións de opción múltiple. •Cuestións de verdadeiro ou falso. •Cuestións de analoxías e diferenzas. •Cuestións teóricas: Definicións, propiedades, ... •Cuestións de interpretación de imaxes artísticas (Pintura, escultura, etc.). •Mapas conceptuais, esquema, resumo: Elaboración de esquemas e mapas conceptuais sobre os contidos traballados para a presentación dixital. •Traballos monográficos e/ou pequenas investigacións.
Cualificación final	<p>Farase a media aritmética das notas das dúas primeiras avaliacións, esta parte da materia está superada se acadar unha media igual ou superior a 5. Haberá que engadirle a esta a cualificación dos cadernos, proxectos e ou traballos (todos dixitais), realizados na terceira avaliación, estes poden sumar un 20% o total da nota final.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Se os alumnos/as non superaran a materia en Xuño disporán dun exame presencial sobre os contidos mínimos no mes de setembro. De non ser posible o exame presencial tamén se poderá esixir a entrega de fichas de actividades ou traballos cos que avaliar os estándares de aprendizaxe máis procedimentais. Esta proba avaliarase de 1 a 10 puntos debe acadar os 5 puntos para que sexa considerada positiva.</p>
Alumnado materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Os alumnos coa materia pendente recibiran unha atención similar aos alumnos que precisen apoio por dificultades de aprendizaxe, indicaranse os exercicios que son de repaso, e polo tanto, dirixidos a eles especificamente, e os que son de continuación ou ampliación. No apartado de contidos faise referencia aos mínimos esixibles que lles corresponden a eles. Cando se realice unha proba tamén se indicarán cales son as cuestións dirixidas a eles e que puntuación diferenciada que levan asociada.</p> <p>Criterios de cualificación: A proba avaliarase de 1 a 10 puntos debe acadar os 5 puntos para que sexa considerada positiva.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: De non ser posible a proba presencial tamén se poderá esixir a entrega de fichas de actividades ou traballos cos que avaliar os estándares de aprendizaxe mínimos.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Repaso e reforzo dos contidos e estándares de aprendizaxe da primeira e segunda avaliación, con traballo escrito probas tipo test e cuestionarios (verdadeiro ou falso, a encher espazos en branco, a aparellar e de selección múltiple) os mesmos que indicados no apartado 2 deste documento. Estas mesmas actividades serviran de recuperación os alumnos que o precisen cos criterios de cualificación indicados.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A maioría dos alumnos dispoñen de conexión Wifi e medios informáticos.
Materiais e recursos	Equipos informáticos e plataformas educativas e (Aula Virtual, correo electrónico, ...)

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O alumnado será informado dende o sistema de mensaxeira das plataformas Aula Virtual ou EDIXGAL. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por Abalar Móbil.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.